



TABLA DE ERROS

Lugar do erro	Descrición
Materia V01G230V01510, apartado 'Bibliografía'	Erro de PHP [Warning, script: /var/www/releases/docnet/docnet-20211014-095254/vendor/mpdf/mpdf/src/Image/ImageProcessor.php, líña: 223]: fopen("resource://skype_ff_extension-at- jetpack/skype_ff_extension/data/call_skype_logo.png") [function.fopen0]: failed to open stream: No such file or directory
Materia V01G230V01510, apartado 'Bibliografía'	Erro de PHP [Warning, script: /var/www/releases/docnet/docnet-20211014-095254/vendor/mpdf/mpdf/src/Image/ImageProcessor.php, líña: 231]: fopen() [function.fopen0]: Filename cannot be empty



Facultade de Filoloxía e Tradución

(*)

Horarios

Horarios

http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74

Grao en Tradución e Interpretación

Materias

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230V01501	Tradución entre lingua A1 e lingua A2	1c	6
V01G230V01502	Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01503	Tradución idioma 1, II: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01504	Tradución idioma 1, II: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01505	Tradución idioma 1, II: Francés-Español	1c	6
V01G230V01506	Tradución idioma 2, II: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01507	Tradución idioma 2, II: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01508	Tradución idioma 2, II: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01509	Tradución idioma 2, II: Francés-Español	1c	6
V01G230V01510	Tradución idioma 2, II: Alemán-Galego	1c	6
V01G230V01511	Tradución idioma 2, II: Alemán-Español	1c	6
V01G230V01512	Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego	1c	6
V01G230V01513	Tradución Idioma 2, II: Portugués-Español	1c	6
V01G230V01514	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego	1c	6

V01G230V01515	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01516	Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01517	Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01518	Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía	1c	6
V01G230V01601	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01602	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01603	Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01604	Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Español	2c	6
V01G230V01605	Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01606	Tradución idioma 1, III: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01607	Tradución idioma 1, III: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01608	Tradución idioma 1, III: Francés-Español	2c	6
V01G230V01609	Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01610	Tradución idioma 2, III: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01611	Tradución idioma 2, III: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01612	Tradución idioma 2, III: Francés-Español	2c	6
V01G230V01613	Tradución idioma 2, III: Alemán-Galego	2c	6
V01G230V01614	Tradución idioma 2, III: Alemán-Español	2c	6
V01G230V01615	Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01616	Tradución idioma 2, III: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01617	Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01618	Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01619	Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01620	Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Español	2c	6
V01G230V01621	Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Tradución entre lingua A1 e lingua A2**

Materia	Tradución entre lingua A1 e lingua A2			
Código	V01G230V01501			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana			
Profesorado	Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Única materia non especializada ao longo da carreira que combina a tradución do castelán cara ao galego. Os contidos estrutúranse en tres bloques: un introdutorio, outro sobre linguas de tradución castelá e galega e un último sobre a tradución editorial, e só se imparte unha introdución á práctica da tradución administrativa, xa que existe unha materia de especializada específica desta modalidade de tradución en cuarto curso do grao. Esta secuencialización de contidos permite adquirir coñecementos temáticos e lingüísticos de modo previo a iniciarse no traballo tradutolóxico na combinación castelán-galego-castelán, é dicir, a práctica da tradución correspóndese cun 50% na dirección de castelán a galego e 50% de galego a castelán.			

Competencias

Código	
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Identificación e análise dos problemas de tradución que presentan os diferentes campos temáticos do saber producidos nas liñas de xestión que designan os materiais educativos e non educativos editados por unha empresa editorial en linguas castelá e galega	CE8 CE9 CE22
Desenvolvemento da autonomía no traballo profesional a través da simulación de encomendas profesionais respectando os parámetros de calidade	CE3 CE9 CE17 CE18 CE21 CE22

Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	CE3 CE4 CE5 CE18 CE27 CE33	CT1
Capacidade para simular un protocolo de tradución editorial	CE10 CE21 CE22 CE33	CT7 CT8 CT12
Destrezas prácticas da tradución xeral do galego ao castelán e do castelán ao galego	CE3 CE4 CE22 CE28	CT1 CT22
□□□□□□ □□□□ Crear espírito crítico e autocrítico para desenvolver a fase de revisión.	CE18	
Aprender a traballar e traballar en equipos de carácter transdisciplinar, emulando o traballo profesional		CT12
Adquirir un compromiso deontolóxico ante o labor tradutor, tendo presentes os parámetros de calidade na tradución	CE9 CE17	CT15

Contidos

Tema	
Bloque I: Introducción, contexto e teoría	1.1 Introducción a unha panorámica do sector editorial: edición traducida galego-castelán/castelán-galego
Tema 1: Coñecementos temáticos básicos	
Tema 2: Iniciación á práctica profesional da tradución editorial e administrativa	1.2 Introducción a unha panorámica do sistema político, xurídico e administrativo, institucións e publicacións oficiais
Bloque II: Introducción a unha clasificación textual	2.2 Encomenda de tradución, proceso de tradución e entrega da tradución
Tema 3: Clasificación e características específicas dos textos editoriais traducidos	2.3 Introducción aos aspectos profesionais da profesión: códigos deontolóxicos, asociacións profesionais, facturación
Tema 4: Clasificación e características xerais dos textos administrativos traducidos	3.1 Introducción aos aspectos contrastivos da tradución editorial xeral castelán-galego-castelán
Tema 5: Linguas da tradución castelá e galega	4.1 Introducción aos aspectos xerais contrastivos da tradución administrativa castelán-galego-castelán
Bloque III: A profesión: tradución editorial	5.1 Análise contrastiva, avaliación e crítica das traducións
Tema 6: Tradución editorial	6.1 O proceso de tradución coas súas dificultades e estratexias
Tema 7: Procesos de tradución editorial	7.1 Tradución de materiais editoriais pertencentes a diversos ámbitos do saber con diversas técnicas: tradución á vista, autotradución e tradución de textos
	7.2 Simulación do proceso de tradución editorial cara ao galego: do TO ao TM

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	10	20	30
Actividades introdutorias	8	20	28
Debates	12	21	33
Prácticas de laboratorio	15	35	50
Probas de tipo test	1.5	3	4.5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1.5	3	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	O peso das sesións maxistrais serve de introdución a cada un dos temas citados no apartado de contidos. Concéntranse en maior medida nas actividades de tradución previstas no bloque 3. As clases teóricas e prácticas complementáanse con titorías en grupo nas que se propoñen traballos colectivos de tradución. Trátase de fomentar a autoaprendizaxe coa elaboración conxunta de encomendas curtas.

Actividades introductorias O Bloque I inclúe contidos introductorios tanto ao contexto da tradución editorial no par de linguas castelán e galego, como á súa teoría tradutolóxica. Neste senso, exporase e ampliarase (en función do ritmo da aula) parte das referencias bibliográficas, así como tamén se impartirán oralmente contidos dos que o alumnado deberá tomar apuntamentos, xa que se trata de materia obxecto de avaliación. A impartición estará principalmente constituída por traballos do profesorado encargado da materia (entre outras e outros especialistas). Estas obras aparecen cientificamente recensionadas, tal e como quedará exposto ao longo do curso.

Debates As revisión e corrección das encomendas de tradución (prácticas de laboratorio) durante as sesións. Nos casos nos que estas revisión e corrección non sexan avaliacións individualizadas, previa indicación da profesora, serán en grupos simulando a práctica do traballo de traducir en grupos ou equipos de tradución, tal e como sucede no ámbito real profesional. A participación nestes debates será anotada pola docente e formará parte da cualificación.

Prácticas de laboratorio Para determinar o nivel inicial do alumnado nas prácticas de laboratorio (práctica de tradución) realizarase unha proba piloto ou proba de nivel, cuxo obxectivo é cualificar a competencia tradutora. As clases prácticas estrutúranse conforme ás horas de docencia que se dedican ás actividades previstas para o bloque 2 (comparación de traducións, retrotradución e iniciación). Prevese que a docente revise textos corrixidos previamente na aula para ponderar a calidade das traducións, a comprensión das súas explicacións e detectar posibles alternativas de tradución ou erros que non saísen na corrección anterior. Nelas incidirase na evolución de resultados da encomenda, orientará futuras encomendas e proporanse tarefas alternativas de reforzo. A docente terá a oportunidade de observar a metodoloxía de traballo e orientará as tarefas auxiliares á tradución.
As clases teóricas e prácticas complementáanse con titorías en grupo. Trátase de fomentar a autoaprendizaxe coa elaboración conxunta de encomendas curtas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo na atención complementaria ás clases prácticas, coa avaliación das encomendas de tradución (apto ou non apto), corrección e redacción realizadas con esta metodoloxía. Trátase de identificar os principais problemas de redacción, interferencia, actitude ante o texto orixinal etc. de cada alumno/a, alén da corrección na aula das encomendas. Unha revisión dunha cala de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados na aula, ben porque o/a alumno/a non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, propónse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. Pola súa banda, tamén se atenderán as encomendas, en tanto que simulacións de tradución profesional. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira unha actitude crítica con respecto ao texto orixinal, sexa consciente dos seus erros, adquira un método de traballo e comprobación adecuado, aprenda a solucionar no menor tempo posible os procesos de busca e comprensión da información, e perfeccione os procesos de revisión e corrección. É de grande utilidade para realizar sesións temáticas sobre cada un dos problemas enunciados a través de documentos das clases prácticas traducidos por eles/as mesmos/as ou preparados ad hoc. A realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Sesión maxistral	Materia impartida nas sesións plenarias a cargo da docente, é dicir, os apuntamentos tomados polo alumnado e os textos da teoría e contextualización. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios. Poderá ser unha proba de resposta longa ou tipo test, previa indicación da profesora ao longo do curso.	20	CE21 CE22 CE27 CE28
Actividades introductorias	Materia impartida nas sesións plenarias a cargo da docente, é dicir, os apuntamentos tomados polo alumnado e os textos da introdución. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios.	10	CE33 CT1 CT7
Debates	Revisión e corrección na aula das traducións encomendadas mediante a participación fundamentada do alumnado.	10	CT8 CT22
Prácticas de laboratorio	Unha proba de tradución castelán-galego e/ou galego-castelán, individualizada. Proba con ou sen dicionario, segundo as indicacións facilitadas pola profesora durante as sesións e/ou titorías. As características aparecen indicadas no apartado "Outros comentarios e segunda convocatoria".	30	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE10 CE17 CE18
Probas de tipo test	Contidos impartidos na introdución, contextualización e teoría durante o curso. Proba individualizada, sen dicionario ou material de consulta.	10	CT15 CT22

Probas prácticas, de Tradución castelán-galego e galego-castelán, individualizada. Proba con execución de dicionario 20
tarefas reais e/ou simuladas.

CT12
CT15
CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá adherirse a **un dos dous sistemas de avaliación** estimados, é dicir, **avaliación continua** (v. 1) ou **avaliación única** (v. 2).

1 Avaliación continua: para o alumnado que siga o curso con asistencia regular ás sesións (80% mínimo; este mínimo controlarase mediante as follas de asistencia que se entregarán ao final da sesión. Para poder asinar a folia, cómpre asistir á totalidade da sesión), propoño un sistema de avaliación continua. A participación na aula será anotada pola docente e integrarase porcentualmente (15%) na cualificación da avaliación continua. Neste caso, para superar a materia e facer media, é imprescindible aprobar tamén as dúas probas examinatorias que se realizarán ao longo do curso (metade e final de curso). A primeira (30%) consistirá na realización dunha tradución á metade de curso (a docente indicará a data e mais as características da tradución durante o transcurso do semestre). Ao final de curso, a segunda proba (55%) contará cunha parte teórica (bloques de contexto, introdución e teoría) e unha nova proba práctica (tradución). No caso de suspender unha delas, gardarase a aprobada até o exame oficial de xullo. Esta última proba estará conformada de: 1 proba teórica + 1 ou 2 probas prácticas (informarase do número (1 ou 2) e do tipo (castelán-galego e/ou galego-castelán) durante as últimas sesións). Trátase de:

proba teórica: conformada a partir das sesións maxistras e actividades introdutorias impartidas pola profesora. A extensión será acorde co tempo de exame;

proba práctica 1: tradución con/sen dicionario de textos tematicamente vinculados aos empregados nas prácticas. A extensión será acorde co tempo de exame;

proba práctica 2: tradución sen/con dicionario dalgunha das lecturas complementarias ás sesións maxistras. A extensión será acorde co tempo de exame.

A proba terá lugar durante a última sesión do curso. A docente irá indicando a aula a medida que se achegue a data.

2 Avaliación única: o outro sistema de avaliación única está pensado para o alumnado que non asiste ás sesións. Existen dúas convocatorias: en decembro (durante a última sesión de aula) e en xullo (data oficial); consiste en:

proba teórica: conformada a partir dos contidos das lecturas obrigatorias presentadas na bibliografía. A extensión será acorde co tempo de exame. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios. Será unha proba de tipo test. O alumnado será penalizado con -0,2, no caso das respostas incorrectas;

proba práctica 1: tradución con dicionario de textos tematicamente vinculados aos empregados nas prácticas. A extensión será acorde co tempo de exame;

proba práctica 2: tradución sen dicionario dalgunha das lecturas complementarias ás sesións maxistras. As lecturas facilitaranse a medida que avance o curso e estarán a disposición do alumnado no Servizo de reprografía da Facultade, xerarquizados por data de impartición durante as sesións, así como pola etiqueta "lecturas de sesións maxistras" desta materia. A extensión será acorde co tempo de exame.

Prevense sesións de revisión de probas. En ningún caso, as probas serán compensatorias entre elas. A cualificación de aprobado/a acadaraa quen supere todas e cada unha delas.

Bibliografía. Fontes de información

A continuación, ao remate da referencia, en negriña, no caso da **avaliación única**, indícanse as **lecturas** que se consideran **obrigatorias** e, xa que logo, obxecto de exame.

AENOR. 2006. *UNE-EN 15038: 2006. Servicios de traducción. Requisitos para la prestación del servicio*. MADRID: AENOR. **[lectura obrigatoria]**

Castellón Alcalá, H. 2000. *Los textos administrativos*. Madrid: Arco Libros S.L.

Dosil, B. e X. Riveiro. 2004. *Diccionario de Ortografía da lingua galega*. A Coruña: Galinova Editorial.

Feixó Cid, X. 2003. *Diccionario galego dos nomes*. Vigo: Xerais.

Galanés Santos, I. 2002. "O galego como lingua de especialidade". En *Actas dos IV Encontros para a Normalización*

- Lingüística*, pp. 221-237. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. **[lectura obrigatoria]**
- García Ares, M. et alii. 2004. *Manual básico de documentación administrativa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Gómez Guinovart, J. e A. M. Lorenzo Suárez. 1994. *Vocabulario de informática*. Vigo: SPUV.
- González Millán, X. 1995. "Cara a unha teoría para sistemas literarios 'marxinais'. A situación galega", en *Viceversa* 1: 63-73. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. **[lectura obrigatoria]**
- Martínez de Sousa, J. 2001. *Diccionario de edición, tipografía y artes gráficas*. Gijón: Trea.
- Martínez de Sousa, J. 2003. *Libro de estilo Vocento*. Gijón: Trea.
- Martínez de Sousa, J. 2004. *Ortografía y ortotipografía del español actual*. Gijón: Trea. Martínez de Sousa, J. 2006. *La palabra y su escrita*. Gijón: Trea.
- Martínez de Sousa, J. 2007. *Manual de estilo de la lengua española (MELE 3)*. Gijón: Trea.
- Noia Campos, M. C. 1995. "Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea", en *Viceversa* 1: 13-62. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. **[lectura obrigatoria]**
- Real Academia Galega □ Instituto da Lingua Galega. 2004. *Diccionario Castelán-Galego*. Santiago de Compostela: RAG.
- Seco, M. 1998. *Diccionario de dudas y dificultades de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Souto García, M. B. 2002. *Vocabulario das artes gráficas. Obradoiro de encadernación*.Vigo: SPUV.
- Valado, L. (no prelo). *Xestión de proxectos de tradución editorial. Fase 1: Do texto orixinal ao texto meta sen editar. Fase 2: Do texto meta editado á produción do texto meta definitivo*. [facilitarase o guión durante a proxección en aula]. **[lectura obrigatoria]**
- VV.AA. 2003. *Atlas xeográfico Cumio de Galicia e do Mundo*. Vigo: Edicións do Cumio.
- VV.AA. 2004. *Gran diccionario Cumio da Lingua Galega*.Vigo: Edicións do Cumio.
- VV.AA.2005. *Gran Dicionario Século 21 da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- VV.AA. 2004. *Diccionario Galaxia de Usos e dificultades da lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- 1 mediante envío a través do **correo electrónico**;
- 3 no **Servizo de reprografía da Facultade**.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Prácticas externas: Prácticas en empresas e organismos/V01G230V01981

Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01926

Tradución especializada lingua A1-lingua A2/V01G230V01930

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01102

Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

DATOS IDENTIFICATIVOS**Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego**

Materia	Tradución idioma 1, II: Inglés- Galego			
Código	V01G230V01502			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Garrido Rodríguez, Carlos			
Profesorado	Garrido Rodríguez, Carlos			
Correo-e	cgarrido@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Teoría e práctica da tradución inglés-galego (tradución directa).			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade

CT17 Comprensión doutras culturas e costumes

CT18 Creatividade

CT24 Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Aprofundar o coñecemento das dúas linguas de traballo, inglés (Idioma I) e galego (Língua I), sobretudo nos niveis lexical, morfossintático e textual. Especificamente no caso da lingua de chegada da tradución, o galego, desenvolver estratexias para a súa restauración estrutural e potenciação expresiva no quadro da tradución (o que require o desenvolvemento de destrezas de exploración e aproveitamento de documentos compostos en luso-brasileiro).	CB1 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE5 CE18 CE27 CE33	CT2 CT9
Analizar textos do punto de vista do tradutor profesional, determinando-se, así, à vista do correspondente escopo da tradución, o tipo e as estratexias de tradución máis adecuados.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE17 CE27 CE32	CT3 CT7 CT9 CT17 CT24
Ser-se capaz de reconecer num texto-fonte composto en inglés, e en relación à lingua e à comunidade sociocultural de chegada (galegas), as estruturas lexicais e morfossintáticas e os traços textuais e culturais que, no quadro da correspondente tradución (instrumental ou documental), se revelarán críticos ou problemáticos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE17 CE18 CE25 CE27	CT3 CT10
Ser-se capaz, autónoma e eficazmente, de detetar e analizar problemas tradutivos e de aplicar as pertinentes estratexias tradutivas no quadro da tradución instrumental para galego de textos pragmáticos, nom especializados, compostos en inglés e pertencentes a diversos géneros e campos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE10 CE17 CE18 CE22 CE27	CT7 CT9 CT12 CT14
Ser-se capaz de utilizar com proveito as diversas fontes de información e ferramentas de traballo de que hoje dispom o tradutor profesional, tanto as tradicionais como as enquadradas nas TIC.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE5 CE8 CE14 CE15 CE22	CT4 CT5 CT6 CT9
Fomentar a curiosidade intelectual e o espírito crítico em relação ao uso das linguas, bem como desenvolver um conceito profissional da atividade tradutiva, conforme o qual o tradutor age como mediador cultural orientado por princípios deontológicos e de qualidade.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE9 CE10 CE21 CE28 CE32	CT8 CT9 CT12 CT14 CT18

Contidos

Tema	
Caraterización da tradución no seu enquadramento sociocultural e profesional	Participantes e factores envolvidos no proceso da tradución profesional. Análise textual do tradutor. Tipología da tradución: a tradución instrumental. Modificacións substanciais na tradución comunicativa e tratamento tradutivo das discordancias interculturais.
Restauración estrutural e potenciação expresiva do galego enquanto língua-alvo da tradución	Degradação e regeneração do léxico galego: habilitação em galego do léxico moderno, culto e de especialidade. Estruturas morfossintáticas críticas na tradução inglês-galego (colocação do pronome átono, infinitivo flexionado, futuro do conjuntivo, voz passiva, nexos de relativo, oraçõs condicionais, perfectividade, formação dos complementos direto e indireto).
Análise dos problemas e das estratexias da tradución instrumental de textos pragmáticos de inglés para galego	Utilização dos dicionários por parte do tradutor. Tratamento tradutivo dos nomes próprios. Introdução à tradução de textos adscritíveis aos (sub)géneros [artigo de enciclopédia geral], [anúncio publicitário], [artigo jornalístico noticioso], [editorial jornalístico], [artigo de divulgação científica] e [livro de divulgação científica].

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Sesión maxistral	10	20	30

Resolución de problemas e/ou exercicios	2	4	6
Estudo de casos/análises de situacións	32	64	96
Traballos tutelados	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Tomada de contacto com o alunado e presentación da disciplina.
Sesión maxistral	Apresentación dos temas teóricos do programa.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Análise e resolución colectiva de exercicios que visan desenvolver no alunado competencia expresiva e destrezas metodolóxicas.
Estudo de casos/análises de situacións	Apresentación e análise de casos ou situacións máis habituais na práctica profesional mediante a realización de encomendas de tradución individuais.
Traballos tutelados	Realización e exposición pública por parte de equipos integradas por c. 6 alumnos de un traballo consistente na tradución comentada de un texto pragmático.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou através do correo-e). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo).
Traballos tutelados	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou através do correo-e). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo).
Estudo de casos/análises de situacións	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou através do correo-e). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo).
Resolución de problemas e/ou exercicios	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou através do correo-e). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Sesión maxistral	Prova teórico-práctica inicial sobre os contidos ministrados nas sesións magistrais e manexados nos exercicios.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE18 CE22 CE33	CT4 CT9
Resolución de problemas e/ou exercicios	Prova teórico-práctica inicial sobre os contidos ministrados nas sesións magistrais e manexados nos exercicios.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE18 CE22 CE33	CT4 CT9

Estudo de casos/análises de situacións	Realización de modo autónomo e individual de unha encomenda de tradución, a qual visa reproducir as condicións da práctica profesional.	40	CB1	CE1	CT2
			CB2	CE2	CT3
			CB3	CE3	CT4
			CB4	CE4	CT5
			CB5	CE5	CT6
				CE8	CT7
				CE9	CT8
				CE14	CT9
				CE15	CT14
				CE17	CT17
				CE18	CT18
				CE21	CT24
				CE22	
				CE25	
				CE27	
	CE33				
Traballos tutelados	Elaboración en equipo e exposición pública de un traballo consistente na tradución comentada de un texto pragmático.	30	CB1	CE1	CT2
			CB2	CE2	CT3
			CB3	CE3	CT4
			CB4	CE4	CT5
			CB5	CE5	CT6
				CE8	CT7
				CE10	CT8
				CE14	CT9
				CE15	CT10
				CE17	CT12
				CE18	CT14
				CE21	CT17
				CE22	CT18
				CE25	CT24
				CE27	
	CE28				
	CE32				
	CE33				

Outros comentarios sobre a Avaliación

A presente disciplina pode cursar-se, na primeira convocatoria anual, en regime de *avaliación continua* (em que se valorizará fundamentalmente a adquisición de competencia tradutiva e a participación regular e activa nas aulas) ou de *avaliación final* (exame único). No entanto, na convocatoria de julho só é posible o regime de avaliación final (exame oficial).

Na primeira convocatoria anual, enténdese que un alumno opta polo regime de avaliación continua (o mais recomendábel nesta disciplina!) quando realiza algunha das actividades da avaliación continua (prova teórico-práctica, encomenda de tradución individual, traballo en equipo). Para superar a avaliación continua, o alumno deberá obter o aprobado na media aritmética ponderada das clasificacións na prova teórico-práctica inicial (30% da clasificación global), na encomenda de tradución individual (40%) e no traballo en equipo (30%); non obstante, no caso de a media aritmética ponderada das clasificacións na prova teórico-práctica inicial e na encomenda de tradución individual ser inferior a 4,9 puntos, a clasificación global será, no máximo, de 4,9 puntos. Os alumnos que non superarem a avaliación continua mediante as actividades referidas deberán realizar o *exame oficial da convocatoria de julho* ou acollerem-se aos regimes de avaliación de sucesivas convocatorias. (A prova teórico-práctica inicial será realizada durante a cuarta semana letiva de novembro, a encomenda de tradución individual será lanzada na segunda semana de decembro e o traballo en equipo será exposto e entregado a 13 de xaneiro).

O *exame oficial* da disciplina (convocatorias de decembro [segunda semana de decembro] e julho [data, hora e lugar establecidos polo Decanato]) consta de unha parte teórico-práctica a redigir en galego (40% da clasificación numha media aritmética ponderada) e de outra práctica (60%), a qual consiste na tradución para galego, a realizar no prazo de varios días no quadro de unha encomenda de tradución, de un texto pragmático redigido en inglés.

Bibliografía. Fontes de información

AA.VV. 1995. *Dicionário Visual Verbo. Português, Francês, Inglês*. Editorial Verbo. Lisboa/São Paulo

GÓMEZ GUINOVART, Xavier, Alberte ÁLVAREZ LUGRÍS e Eva DÍAZ RODRÍGUEZ. 2012. *Diccionario Moderno Inglés-Galego*. 2.0 Editora. Milhadoiro (Ames).

AA.VV. 1986. *Webster's Third New International Dictionary*. Merriam-Webster. Chicago. [Em 1 ou 3 volumes]

- - -

Comissom Lingüística da Asociación Galega da Língua. 2012. *O Modelo Lexical Galego. Fundamentos da Codificación Lexical do Galego-Portugués da Galiza*. Através Editora. Santiago de Compostela.

]

HOUAISS, Antônio, Mauro DE SALLES VILLAR e Francisco Manoel DE MELLO FRANCO (dir.). 2002. *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*. Editorial Objetiva. Rio de Janeiro. [tb. em CD]

- - -

FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón. 2000-2003. *Gramática da Língua Galega*. 4 Volumes. Edicións A Nosa Terra. Vigo.

2. LEITURAS OBRIGATORIAS

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230V01605

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309

Outros comentarios

Recomenda-se freqüentar todas as cadeiras da combinación lingüística inglés-galego.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Traducción idioma 1, II: Inglés-Español				
Materia	Traducción idioma 1, II: Inglés- Español			
Código	V01G230V01503			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptor	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Pereira Rodríguez, Ana María			
Profesorado	Pereira Rodríguez, Ana María			
Correo-e	pereira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia es continuación de ""Traducción idioma 1,I: inglés-español"" y se concibe como un espacio didáctico en el que el alumno ha de afianzar los objetivos alcanzados en segundo curso. Además, el estudiante adquirirá competencia en la resolución de problemas relacionados con la ideología en los textos y con la aparición de otros códigos diferentes del lingüístico (musical, visual) y se le iniciará en el mundo profesional de la traducción, en el que entrará de lleno en el siguiente cuatrimestre. Se da por supuesto que el alumno posee buenos conocimientos de las lenguas y culturas de trabajo, que sabe diseñar estrategias generales de traducción, detectar y resolver problemas de traducción, que conoce las fuentes documentales básicas para la traducción, que es capaz de llevar a cabo de forma apropiada el proceso de traducción y de defender su trabajo.			

Competencias

Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do TO e o encargo de tradución co fin de deseñar unha estratexia de tradución apropiada	CE4 CE17 CE18 CE21 CE22	CT4 CT7 CT17 CT22

O alumno será capaz de detectar problemas de tradución e resolvelos escollendo, entre as diversas posibilidades, a máis apropiada	CE17 CE18 CE22	CT4 CT7 CT9 CT15 CT17 CT23
O alumno manexará as fontes documentais básicas para a tradución inglés-español de textos xerais	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8	CT2 CT7
O alumno será capaz de levar a cabo de forma apropiada o proceso de tradución de textos ingleses de xéneros diferentes e saberá defender o seu traballo	CE1 CE4 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27	CT7 CT9 CT12 CT14 CT15 CT17 CT18 CT22 CT23
O alumno terá unha primeira toma de contacto co mundo profesional do mediador	CE9	

Contidos

Tema	
Unidade 1. Seleccionamos estratexias de transvasamento e resolvemos problemas de tradución.	1.1. A tradución de literatura para mozos
Unidade 2. Introducimos o traballo do traductor	2.1. A formación e profesión de tradutor 2.2. A tradución de artigos de investigación
Unidade 3. Resolvemos problemas relacionados coa aparición nos textos de códigos non lingüísticos	3.1. A tradución subordinada 3.2. A tradución de tebeos 3.3. A tradución de publicidade impresa 3.4. A tradución de cancións

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	9	0	9
Resolución de problemas e/ou exercicios	21	0	21
Estudos/actividades previos	0	15	15
Sesión maxistral	12	24	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Titoría en grupo	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	21	21
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	12	14
Traballos e proxectos	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Actividades extensas nas que non só se pon en práctica o asimilado a través de explicacións e lecturas, senón que buscan fomentar a aprendizaxe autónoma, o espírito crítico, o traballo en equipo, etc. e que se poden desenvolver na aula, pero tamén na biblioteca ou na sala de ordenadores.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistrais exercitaranse a través de actividades de resolución de problemas e distintos tipos de exercicios que se farán na aula, normalmente en parellas ou en pequenos grupos.
Estudos/actividades previos	Todas as unidades do temario teñen unha bibliografía básica obrigatoria que o alumno debe asimilar, xa que será examinado do seu contido.
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais explicaranse os puntos teóricos que, a continuación, se exercitarán mediante actividades fóra e dentro da aula. É fundamental que os devanditos puntos teóricos sexan estudados e asimilados polo estudante.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial desta materia dedicárase a explicar con detalle os obxectivos que se pretende alcanzar, o temario, a forma na que se desenvolverá a docencia e os procedementos de avaliación.

Titoría en grupo	Nas titorías grupais comentaranse e revisaranse os exercicios e entregas da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistras exercitaranse a través de actividades de resolución de problemas e distintos tipos de exercicios que o alumno realizará individualmente na casa.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Tanto nas actividades de resolución de problemas e exercicios coma nos traballos realizados en clase o alumno recibirá atención personalizada sempre que o necesite. Do mesmo modo se lle atenderá de forma persoal en todas as dúbidas que teña con respecto ás actividades que terá que realizar fóra da aula.
Traballos de aula	Tanto nas actividades de resolución de problemas e exercicios coma nos traballos realizados en clase o alumno recibirá atención personalizada sempre que o necesite. Do mesmo modo se lle atenderá de forma persoal en todas as dúbidas que teña con respecto ás actividades que terá que realizar fóra da aula.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Tanto nas actividades de resolución de problemas e exercicios coma nos traballos realizados en clase o alumno recibirá atención personalizada sempre que o necesite. Do mesmo modo se lle atenderá de forma persoal en todas as dúbidas que teña con respecto ás actividades que terá que realizar fóra da aula.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Traballos de aula	A asistencia e participación activa en clase medirase polo labor realizado nos traballos de aula.	5	CE3 CE4 CE8 CE18	CT12 CT22
Resolución de problemas e/ou exercicios	A asistencia e participación activa en clase medirase polo traballo realizado nas actividades de resolución de problemas e/ou exercicios	5	CE3 CE4 CE8 CE18	CT12 CT22
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1) Teoría na que se examinará ao alumno, tanto dos contidos explicados nas clases maxistras como dos contidos das lecturas obrigatorias e 2) práctica, que consistirá na tradución dun texto con axuda de dicionarios en formato papel. DATAS: Teoría (30%): semana do 14 ao 18 de decembro Práctica (30%): primeira semana de decembro.	60	CE3 CE4 CE8 CE9 CE17 CE18 CE22	CT4 CT7 CT14 CT15 CT17 CT22
Traballos e proxectos	Realizarase unha entrega que consistirá nunha tradución e un comentario traductolóxico dun texto de LJ. DATA: semana do 9 ao 15 de novembro.	30	CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27	CT4 CT7 CT9 CT14 CT17 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Esta materia é presencial e a súa avaliación continua. No entanto, se algún alumno, por motivos xustificadas, non pode seguir este sistema de avaliación, deberá presentar nas dúas semanas seguintes ao día en que se matricule un xustificante especificando este particular. Para ser avaliado na primeira edición de actas deberá entregar os traballos que se soliciten (avaliables ou non) e presentarse tanto á proba teórica como á práctica.

Os alumnos que non alcancen a nota mínima presentaranse a xullo ás partes non superadas. As partes aprobadas só gardaranse ata a edición de xullo.

CONVOCATORIA DE XULLO

Exame final na data establecida polo centro que abarcará todos os contidos da materia, tanto teóricos como prácticos (para que as partes (teórica e práctica) fagan media, é necesario obter un mínimo de 2,5 sobre 5 en cada parte). O exame

realizarse na lingua termo da combinación da materia.

Con respecto á avaliación de traballos e proxectos, se se detecta que estes (ou algunha dos seus partes) son plaxios, a cualificación dos mesmos será 0.

ALUMNADO ERASMUSNecesítase nivel B2 de lingua A español. Realizarse unha proba de nivel as primeiras semanas do curso.

Bibliografía. Fontes de información

La bibliografía obligatoria de la que se examinará al alumno se subirá a la plataforma o se dejará en el servicio de reprografía con cada unidad.

Unidad 2

Jocelyn Epstein, B. octubre de 2006, [Educating the customer], *Translation Journal*, vol.10, nº 4 (Documento disponible en Ricagno, M. A. 2011, [Time management by the freelance translator. Practical rules to schedule your workday and activities], *Translation Journal*, vol. 15, nº 1 (Documento disponible en <http://translationjournal.net/journal//55time.htm>).

Unidad 3

Mayoral, R. 1992, [Formas inarticuladas y formas onomatopéyicas en inglés y en español. Problemas de traducción], *Sendebarr*, 3, 107-139.

Pàmies Bertrán, A. 1990, [La Traduction de la Chanson: Problèmes Rythmiques], *Sendebarr*, I, 47-63.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, III: Inglés-Español/V01G230V01606

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 1, I: Inglés-Español/V01G230V01310

DATOS IDENTIFICATIVOS**Tradución idioma 1, II: Francés-Galego**

Materia	Tradución idioma 1, II: Francés- Galego			
Código	V01G230V01504			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo			
Correo-e	ocampo@uvigo.es			
Web	http://http://paratraduccion.com/ocampo			
Descrición xeral	Esta materia pretende desenvolver e afianzar unha competencia tradutora entre o francés e o galego que permita unha posterior profundización en diferentes ámbitos de especialidade. Esta meta conseguirase mediante obxectivos metodolóxicos e profesionais para ofrecer ferramentas, estratexias e solucións ás circunstancias xerais da actividade tradutora do francés ó galego.			

Competencias

Código				
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.			
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras			
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo			
CE8	Destreza para a procura de información/documentación			
CE17	Capacidade de tomar decisións			
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica			
CE22	Destrezas de tradución			
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma			
CE27	Capacidade de razoamento crítico			
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia			
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira			
CT4	Resolución de problemas			
CT7	Toma de decisións			
CT9	Razoamento crítico			
CT15	Aprendizaxe autónoma			
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes			
CT18	Creatividade			
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica			
CT23	Capacidade de traballo individual			

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Coñecer as linguas de traballo, francés (idioma I) e galego (lingua I), a nivel gramatical, léxico e fraseolóxico, e ser capaz de analizar as diferenzas e similitudes de ambos os sistemas lingüísticos.	CB1	CE4 CE33	CT2 CT22
Comprender textos redactados na lingua de partida tanto a nivel comunicativo como a nivel cultural. Coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender perfectamente os textos así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais.	CB1	CE2 CE4	CT2 CT15 CT17 CT23

Afondar na estrutura e os principios organizadores dun texto. Diferenzar os diferentes tipos de texto (literarios, publicitarios, xornalísticos...) e as súas características (argumentativos, expositivos...).	CB2 CB3	CE4 CE8 CE18	CT22 CT23
Saber traducir un texto sen interferencias.	CB4	CE17	CT4
Identificar os participantes no proceso de tradución e a función comunicativa do texto. Analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer e empregar as distintas técnicas e estratexias de tradución. Traducir textos non especializados. Identificar os problemas de tradución e aprender a resolvelos. Traballar con textos paralelos. Manexar as ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña e en papel...). Identificar problemas ortotipográficos e aprender as estratexias e normas para resolvelos. Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Coñecer as normas de presentación de tradución. Coñecer o mercado laboral. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	CB5	CE18 CE22 CE24 CE27	CT7 CT9 CT15 CT18 CT22 CT23

Contidos

Tema	
1. Tradución do francés cara ó galego	1.1. Estratexias de tradución e análise contrastiva de traducións
2. O proceso de tradución entre o francés e o galego	2.1. Recursos de documentación básicos
Eventos docentes e/ou divulgativos	3	0	3
Prácticas en aulas de informática	12	0	12
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	4	8
Probas de autoavaliación	1	1	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	As sesións maxistras dedicaranse a explicar os contidos máis teóricos da materia, como a descrición do mercado da tradución do alemán ou a terminoloxía especializada de tradución, así como contidos teóricos fundamentais para desenvolver as tarefas prácticas, como aspectos contrastivos morfosintácticos e estilísticos entre as dúas linguas, referentes culturais etcétera. Malia estaren no apartado de sesións maxistras, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse exercicios de tradución, que tentarán reproducir situacións reais, e exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Despois da presentación da base conceptual e procedimental nas sesións maxistras, nas horas presenciais farase o traballo previo de análise. A seguir, o alumnado preparará as tarefas pola súa conta. Finalmente, e de novo nas horas presenciais, farase a posta en común e corrección dos resultados. Esta parte terase en conta na avaliación continua.
Traballos de aula	Consisten en exercicios que se desenvolverán na propia aula. Poden consistir, por exemplo, en exercicios de resolución de problemas tradutivos ou de análise textual.

Prácticas autónomas a través de TIC	Estas actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa práctica da tradución desenvolveranse a través das TIC de maneira autónoma.
Traballos tutelados	Inclúese aquí o traballo de investigación que o alumnado debe realizar obrigatoriamente para a avaliación continua. Este traballo versará sobre un tema de literatura en lingua alemá e a súa tradución ó galego (análise de aspectos textuais e paratextuais dunha obra galega ou alemá traducida ou panorámica dunha época da literatura alemá e a súa recepción en Galicia) O alumnado contará coa tutela da profesora. Durante as horas presenciais dedicadas a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo.
Presentacións/exposicións	O alumnado exporá o traballo de investigación realizado; haberá quenda de preguntas e debate.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Prevéase a asistencia a eventos divulgativos como conferencias ou presentacións de programas de estudo, segundo a programación das actividades da facultade.
Prácticas en aulas de informática	Para estas prácticas precísase dispor de equipo informático con conexión a Internet. Farase sobre todo traballo documental previo á tradución e traballo de aprendizaxe dalgunhas ferramentas básicas para a tradución. Avaliaranse conxuntamente cos traballos de aula e as prácticas.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado (farase un test de nivel de lingua alemá e de tradución), así como a presentar a materia. En especial, explicarase o sistema de avaliación, a bibliografía recomendada e a bibliografía de lectura obrigatoria.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado tanto en clase como fóra da aula por medio de titorías personalizadas. Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios desenvoltos na aula ou en casa.	0	CB1 CE3 CT3 CB2 CE4 CT4 CB3 CE14 CT7 CB4 CB5
Traballos de aula	Avaliaranse conxuntamente os exercicios que se desenvolverán na propia aula, as prácticas de laboratorio e as prácticas autónomas a través de TIC.	0	CB1 CE2 CT4 CB2 CE4 CT17 CB3 CE14 CB4 CE17
Prácticas autónomas a través de TIC	Avaliaranse conxuntamente os exercicios que se desenvolverán na propia aula ou en casa, as prácticas de laboratorio e as prácticas autónomas a través de TIC.	15	CB1 CE2 CT4 CB2 CE3 CT7 CB3 CE14 CT9 CB4 CE17 CT14 CT17
Traballos tutelados	Haberá un traballo de entrega obrigatoria que consistirá nun traballo de investigación sobre unha tradución dun texto literario, científico ou divulgativo alemán ó galego. Este traballo, que se fará individualmente ou en grupos de 2 persoas (dependerá do número de alumnado matriculado na materia), deberá ser exposto na aula. A presentación do traballo (claridade do discursivo, etc.) contará un 3% (cf. infra "Presentacións/Exposicións), os contidos do traballo un 7%. A/O alumna/o contará coa tutela da profesora. Entregaráselle ó alumnado e á profesora un resumo dos resultados ou aspectos máis importantes do traballo. Quedará ó dispor das/dos compañeiras/os nas TIC. Data límite da escollo do tema do traballo: 20.10.2015 Data límite da presentación e entrega da sinopse: 21.12.2015.	10	CB2 CE2 CT3 CB3 CE3 CT9 CB4 CT14
Presentacións/exposicións	Avaliase a competencia discursiva dos discentes nun contexto formal.	5	CB2 CE2 CT3 CB3 CE3 CT9 CB4 CT14
Prácticas en aulas de informática	Avaliaranse conxuntamente cos traballos de aula e as prácticas autónomas a través de TIC.	0	CB1 CT3 CB3 CT4 CT7

Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Consistirá na tradución dun texto que abordará varios temas estudados ó longo do semestre (aprox. 250 palabras). O exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá utilizar como material de apoio as fontes de información dispoñibles en internet.	70	CB1 CE2 CT4 CB2 CE3 CT7 CB3 CE4 CT9 CB5 CE14 CT17 CE17
Probas de autoavaliación	Teñen como finalidade comprobar o desenvolvemento da propia aprendizaxe.	0	CB1 CE3 CT4 CB2 CE4 CT17 CB3

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

A avaliación continua é a modalidade de ensino presencial para a materia. Neste sentido, a condición para ser avaliada/o será a asistencia asídua ás aulas. Levarase un control de asistencia mediante folla de sinatura. Se algunha persoa non pode cumprir esta condición, deberá comunicarllo á docente argumentadamente e reconsiderarase a posibilidade de avaliación continua.

A opción pola avaliación continua implica a renuncia á avaliación única.

A/o alumna/o deberá notificarllo á docente por escrito nas dúas primeiras semanas de clase. Se por causa de forza maior (traballo, enfermidade...) a/o alumna/o non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única. A/o alumna/o que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo deberá superar un exame con todos os contidos da materia.

Data do exame: na última sesión do curso, entre o 12 e 21 de decembro de 2015.

Ó longo de toda a avaliación penalizarase a copia e o plaxio.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade de ensino presencial (avaliación continua) poderá presentarse ao exame oficial da materia que terá lugar na última sesión do curso, entre o 12 e o 21 de decembro de 2015; a data fixarase antes de rematar o mes de abril e se publicará na plataforma da materia no apartado "Anuncios".

O exame final incluírá cuestións teóricas e prácticas relativas ó total dos contidos abordados ó longo do semestre. A nota mínima que se require para superar esta proba é un 5 sobre 10. Os exercicios do exame realizaranse en papel.

O exame constará dun exercicio de tradución de aprox. 250 palabras, así como varias preguntas sobre as estratexias tradutivas aplicadas ou cuestións de estilística contrastiva. A tradución do exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet.

A/o alumna/o que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo deberá superar un exame con todos os contidos da materia. O exame de xullo incluírá cuestións teóricas e prácticas relativas ao total dos contidos abordados ao longo do semestre. A nota mínima que se require para superar esta proba é un 5 sobre 10. O exame constará dun exercicio de tradución de aprox. 250 palabras, así como varias preguntas sobre as estratexias tradutivas aplicadas ou cuestións de estilística contrastiva.

A tradución do exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet. Os exercicios do exame realizaranse en papel.

A copia ou o plaxio nos traballos tutelados, nos exercicios e nas probas serán penalizados.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA

DELISLE, J. / LEE-JAHNKE, H. / CORMIER, M. (2003): Terminoloxía e tradución [Versión galega: A. Fernández Ocampo e A. Álvarez Luga] Vigo:Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

ELENA GARCÍA, Pilar (1994): Curso práctico de traducción general (Alemán-Español), Salamanca:Ediciones Universidad de Salamanca.

ELENA GARCÍA, Pilar (2001): El traductor y el texto: curso básico de traducción general (alemán-español), Barcelona: Ariel.


HÖNIG, Hans G. / KUSSMAUL Paul, (1996) Strategie der Übersetzung. Ein Lehr- und Arbeitsbuch., 4ª ed., Tübingen: Gunter Narr.

HURTADO ALBIR, A. (2011): Traducción y traductología. Introducción a la traductología. Madrid: Cátedra.

Lösche, R. 2011. *Land & Leute D-A-CH*. DVD

NORD, Christiane(2001). Lernziel: Professionelles Übersetzen Spanisch-Deutsch. Ein Einführungskurs in 15 Lektionen , Wilhelmsfeld:Egert.

NORD, Ch. (2003): Kommunikativ handeln auf Spanisch und Deutsch: einübersetzungsorientierter funktionaler Sprach- und Stilvergleich .Wilhelmsfeld: Gottfried Egert.

Schote, Joachim. 2014. Orientierungskurs - Neue Ausgabe/A2-B1 - Grundwissen Politik, Geschichte und Gesellschaft in Deutschland : Kursheft. Berlin: Cornelsen Verlag. 978-3-06-020125-9 978-3-06-020125-9

Lecturas obrigatorias:

FEIXÓ CID, X. (2003): As normas ortográficas e morfolóxicas da linguagalega. Actualización, complementos e desviacións . Normativa aprobada en 2003. Vigo: Cumio.

Daniel Glattauer. 2006. *Gut gegen Nordwind*. Viena: Deuticke.

Entregarase na clase bibliografía complementaria.

You'll need Skype CreditFree via Skype

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, III: Alemán-Galego/V01G230V01613

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, I: Alemán-Galego/V01G230V01413

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia, é recomendable ter acadado o nivel B1,2 en alemán. O alumnado deberá ir ampliando os seus coñecementos de lingua e cultura alemás de maneira autónoma para acadar polo menos o nivel B2,1 ó remate do semestre.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Tradución idioma 2, II: Alemán-Español**

Materia	Tradución idioma 2, II: Alemán- Español			
Código	V01G230V01511			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Götz , Kathleen			
Profesorado	Götz , Kathleen			
Correo-e	kathleeng@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Logo da introdución á tradución xeral en 2, I, trátase agora de seguir profundando na materia; retómanse contidos de 2, I e inclúense novos contidos; é importante resaltar que o estudante ha de ir incrementando considerablemente os seus coñecementos de alemán, ben a través das correspondentes clases que ofrece a Universidade de Vigo, ben por iniciativa propia (EOI, Instituto de Idiomas, intercambios, etc.)			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións

CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
As competencias básicas da materia resúmense nun dominio o máis amplo posible das linguas de traballo, alemán e español neste caso, e das fontes de documentación, o cal debe posibilitar a adecuada resolución de problemas, ben de forma individual ben en equipo.	CB1	CE1	CT1
	CB2	CE2	CT2
	CB3	CE3	CT4
Os estudantes tamén deberán ter un bo coñecemento das culturas dos países xermanofalantes (e da propia).	CB4	CE4	CT5
	CB5	CE8	CT6
Haberán de dominar a lingua propia, escrita e oral, coñecer a norma e usos das linguas de traballo, ser capaces de buscar información e usala axeitadamente.		CE12	CT7
		CE14	CT8
Terán que ser quen de traballar en equipo.		CE15	CT9
Deberán posuír ampla cultura.		CE16	CT10
Cómpre que saiban aplicar as técnicas de edición, maquetación, revisión e corrección específicas dos textos traducidos.		CE17	CT14
		CE18	CT15
Deberán saber tomar decisións, ser capaces de aprender de forma autónoma e ser rigorosos no traballo.		CE21	CT17
		CE22	CT18
Supónselles capacidade de razoamento crítico.		CE25	CT22
		CE26	CT23
		CE27	
		CE28	
		CE30	
		CE32	
		CE33	
Competencia metodolóxica: traballar as habilidades de crítica e autocrítica de traducións	CB2	CE17	CT1
	CB3	CE27	CT4
		CE33	CT7
			CT9
			CT22
			CT23
Competencia contrastiva: dominar as diferencias nas convencións de escritura, ortotipográfica e estilística das dúas linguas e culturas; dominar os elementos de interferencia léxica; capacidade para dominar os elementos de discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión e de construción textual das dúas linguas; coñecer as diverxencias e converxencias das dúas culturas.	CB1	CE1	CT1
	CB2	CE3	CT2
	CB3	CE4	CT4
	CB4	CE14	CT14
	CB5	CE18	CT18
		CE22	CT22
		CE24	
		CE26	
		CE30	
		CE33	
Competencia textual: traballar a capacidade para traducir textos expositivos: descritivos, narrativos, expositivo-conceptuais; traballar a capacidade para traducir textos exhortativos (p.ex. textos instrutivos).	CB1	CE1	CT1
	CB2	CE2	CT2
	CB3	CE3	CT10
	CB4	CE4	CT14
		CE12	CT17
		CE14	CT18
		CE15	
		CE21	
		CE22	
		CE25	
		CE26	
		CE28	
		CE30	
		CE32	
		CE33	

Contidos

Tema

1. Problemas específicos de tradución	1.1 Léxico (expresións, proverbios, modismos...) 1.2 Morfosintaxe 1.3 Referencias culturais
2. Análise de textos e das culturas de partida	2.1 Funcións textuais 2.2 Tipoloxías 2.3 Cohesión e estrutura textual
3. Tradución de textos contemporáneos	3.1 Textos expositivos 3.2 Textos exhortativos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	22	47	69
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	20	40	60
Traballos tutelados	1	11	12
Probas de autoavaliación	1	1	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	1	2
Outras	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado o docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e comentará tamén as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Neste apartado realizaranse análises de texto, resumos e esquemas, exercicios de tradución con textos adaptados ao nivel do alumnado de Idioma II, así como a resolución de problemas propios dese nivel (dificultades de tradución) ou exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistras.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Neste apartado o alumnado realiza as análises e os exercicios de tradución de forma autónoma.
Traballos tutelados	O alumno deberá realizar un traballo sobre algunha das dificultades de tradución presentadas nas clases maxistras, que será tutelado polo profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Traballos tutelados	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Outras	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Resolución de problemas e/ou exercicios	Neste apartado avaliaranse todo tipo de exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora. Poderán ser exercicios que traten dificultades de tradución, análises de tradución... Terase en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado.	20	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE21 CE22	
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Trátase de dous encargos de tradución a entregar na primeira semana de outubro e novembro, respectivamente.	30	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE21 CE22	CT23
Outras	Exame final que incluírá unha tradución dunhas 300 palabras relativa ao total dos contidos abordados ao longo do semestre. Será de 2 horas e pódense usar ordenador e dicionarios.	50	CE1 CE2 CE4 CE17 CE21 CE22	CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Corre por conta dos estudantes asegurarse de que posúen un nivel de linguas suficiente: as clases de tradución non son clases de lingua.

A avaliación é contínua. O exame final será o último día da clase.

O exame final constará dunha tradución do alemán ao español (sobre 250-300 palabras). Pódese empregar calquera material de consulta, incluído ordenador.

O anterior vale tamén para as convocatorias de xullo, que tamén consistirá nunha proba de tradución do alemán ao español (sobre 250-300 palabras). O exame de xullo suporá o 100% da cualificación.

Non está permitido copiar nin plaxiar.

Bibliografía. Fontes de información

- Gamero, Silvia, **TEXTO IMPRESO Traducción alemán-español : aprendizaje activo de las destrezas básicas**, 2010,
Elena, Pilar, **TEXTO IMPRESO El Traductor y el texto : curso básico de traducción general (alemán-español)**, 2001,
Cartagena/Gauger, **Vergleichende Grammatik spanisch-deutsch**, 1989,
Elena García, Pilar, **Gramática y traducción**, 2006,
Katan, David, **Translation cultures. An introduction for Translator, Interpreters and Mediators**, 2004,
Orduña, Javier, **Cuestiones de puntuación contrastiva. Los oficios del guión y el punto y coma**, 1994,
Snell-Hornby, Mary/Hönig, Hans G./Kußmaul, Paul/Schmitt, Peter A. (eds.), **Handbuch Translation. Zweite, verbesserte Auflage**, 2003,
Hönig, H. G.; Kussmaul, P., **Strategie der Übersetzung. Ein Lehr- und Arbeitsbuch**, 1996,
Nicola Rohrbach, Aina Torrent-Lenzen, **Deutsch-spanische übersetzungsübungen : kommentierte übersetzungen von authentischen texten aus den bereichen der philologie, landeskunde, wirtschaft und literatur**, 2002,
Susanne Kirchmeyer/Klaus Vonderwülbecke, **Blick auf Deutschland : erlesene Landeskunde**, 1997,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, III: Alemán-Español/V01G230V01614

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Alemán/V01G230V01107

Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán/V01G230V01207

Idioma 2, III: Alemán/V01G230V01307

Idioma 2, IV: Alemán/V01G230V01407

Tradución idioma 2, I: Alemán-Español/V01G230V01414

Outros comentarios

Para o estudiantado de intercambio: o nivel de lingua corresponde ao B2-C1.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, II: Portugués- Galego			
Código	V01G230V01512			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Dpto. Externo Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Profesorado	Besteiro Balado, Noelia Dasilva Fernández, Xosé Manuel Ferreiro Vázquez, Óscar			
Correo-e	jdasilva@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Desenvolvemento da práctica da tradución na correspondente combinación lingüística.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Analizar os textos da lingua de partida tendo en conta as súas especificades lingüísticas e culturais e a súa tipoloxía.	CB2	CE1 CT12 CE4 CT15 CE25 CE26

Cofecer as normas de calidade establecidas polos organismos e institucións competentes.	CB1	CE2 CE9 CE21 CE27	CT9
Profundar nas particularidades da actividade profesional na combinación lingüística.	CB3 CB5	CE12 CE24 CE33	CT4
Adquirir hábitos de uso no relativo ás ferramentas de tradución e ás fontes de documentación.	CB4	CE3	CT1 CT3

Contidos

Tema	
Trazos singulares da combinación lingüística.	Análise. Repercusións tradutolóxicas.
Problemas habituais na tradución de linguas próximas.	Clasificación. Individualización.
A inserción profesional no referente á combinación lingüística.	Recomendacións globais. Perfís profesionais. Xestión e optimización.
Prácticas de tradución.	Textos portugueses. Textos brasileiros.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	16	20
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	44	86	130

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de carácter preliminar para tomar contacto coas características da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Resolución individualmente de exercicios, con orientación tutelada do docente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades introdutorias: Analizaranse as características do alumnado a nivel individual e como grupo. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma: Os exercicios propostos levaranse a cabo de xeito flexible a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado, tendo en conta de forma especial o número reducido de persoas nesta materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividades introdutorias: Analizaranse as características do alumnado a nivel individual e como grupo. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma: Os exercicios propostos levaranse a cabo de xeito flexible a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado, tendo en conta de forma especial o número reducido de persoas nesta materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realización de seis encargos de tradución que reproducen as características do labor profesional. Tales encargos de tradución estarán distribuídas regularmente ao longo do período docente tendo en conta o reparto da carga lectiva entre os dous docentes que se deberá levar a cabo.	100	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE9 CE12 CE21 CE24 CE25 CE26 CE27 CE33 CT1 CT3 CT4 CT9 CT12 CT15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Con relación á nota total da materia, e de acordo coa carga lectiva asignada, Xosé Manuel Dasilva (27 horas) responsabilizarase de cualificar sobre 5,6 puntos e Óscar Ferreiro Vázquez (21 horas) sobre 4,4 puntos.

Establécense dous sistemas de avaliación, o primeiro deles de natureza continua.

O sistema de avaliación de natureza continua baséase na realización de seis encargos de tradución, das cales tres se levarán a cabo con Xosé Manuel Dasilva e as tres restantes con Óscar Ferreiro Vázquez. As datas das referidas encargos de tradución comunicaranse debidamente con abonda antelación ao alumnado, unha vez levado a cabo o reparto da carga lectiva entre os dous docentes.

O segundo sistema de avaliación, destinado ao alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua para a convocatoria de decembro e a todo o alumnado para a convocatoria de xullo, é unha proba única de pretradución e/ou tradución por cada docente referida aos contidos do programa. No caso de Óscar Ferreiro Vázquez, este poderá acordar co alumnado a realización doutro tipo de proba en lugar da mencionada proba única. As datas da convocatoria de decembro serán comunicadas debidamente con abonda antelación ao alumnado, unha vez levado a cabo o reparto da carga lectiva entre os dous docentes, mentres que a data da convocatoria de xullo será fixada polo Decanato.

O alumnado Erasmus deberá acreditar un coñecemento de tipo medio da lingua de partida e un coñecemento de tipo alto da lingua de chegada.

A copia ou plaxio nos traballos de tradución e/ou na proba terá como consecuencia unha valoración final negativa.

Xosé Manuel Dasilva impartirá os temas 1, 2 e 4 dos contemplados como contidos da materia. Óscar Ferreiro Vázquez impartirá os temas 3 e 4.

Bibliografía. Fontes de información

Academia das Ciéncias de Lisboa, **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea**, Lisboa, Editorial Verbo, Heloísa Gonçalves Barbosa, **Procedimentos técnicos da tradução (Uma nova proposta)**, Campinas-São Paulo, Pontes Editores,

Fernando Cristóvão, **Dicionário temático da lusofonia**, Lisboa, Texto Editores,

Benigno Fernández Salgado, **Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega**, Vigo, Editorial Galaxia,

Antônio Houaiss, **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, Rio de Janeiro, Editora Objetiva,

Fábio Marzano, **Dicionário Espanhol-Português de Falsas Semelhanças**, Rio de Janeiro, Campus,

Real Academia Galega, **Dicionario da Real Academia Galega**, A Coruña, RAG,

Cada docente poderá facer outras recomendacións bibliográficas ao inicio das actividades lectivas.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego/V01G230V01615

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués/V01G230V01108

Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208

Idioma 2, III: Portugués/V01G230V01308

Idioma 2, IV: Portugués/V01G230V01408

Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego/V01G230V01415

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución Idioma 2, II: Portugués-Español				
Materia	Tradución Idioma 2, II: Portugués- Español			
Código	V01G230V01513			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Outros			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Díaz Fouces, Óscar			
Profesorado	Díaz Fouces, Óscar			
Correo-e	fouces@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/fouces/tradca			
Descrición xeral	Iniciación à práctica da tradución na combinación lingüística Portugués-Espanhol, na sequencia da matéria Tradución Idioma II, 1			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT14	Motivación pola calidade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe		Competencias		
Resultados de aprendizaxe				
Analisar textos na lingua do Idioma II, identificando as especificidades linguísticas e de género textual, bem como as referencias culturais e de civilización do país originário desses textos, para comprendê-los completamente	CB1 CB2 CB4	CE2 CE17	CT2	
Produzir textos traducidos na Língua I (Espanhol), a partir de uma selecção do material linguístico capaz de satisfazer os padrões de norma e uso dos textos originais similares, com apoio de textos paralelos. Aplicar critérios argumentados para a revisão	CB3	CE1 CE2 CE3 CE7 CE8 CE17 CE18 CE33	CT2	
Estar em condições de gerir eficazmente encomendas de base tecnológica e de inserir o próprio trabalho num fluxo profissional mais complexo	CB2	CE17	CT8 CT14 CT22 CT23	

Contidos

Tema	
O tratamento da variação linguística na prática profissional da combinação Português-Espanhol	Contextualização do espaço profissional nos diversos âmbitos da Lusofonia: o trabalho com o Português europeu, brasileiro e africano. Contextualização do espaço profissional nos diversos âmbitos da Hispanofonia; destaque para o âmbito Mercosul.
A prática da tradução PT-ES no mundo digital	Contextualização do espaço profissional da combinação PT-ES no mundo globalizado: especificidades da localização de páginas e sites da internet.
A inserção da oralidade na prática da tradução PT-ES	Transcrição e tradução para legendagem de palestras e vídeo digital na combinação PT-ES. Iniciação à (re)elaboração da informação oral: a síntese de informações.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	12	15
Estudo de casos/análises de situacións	15	30	45
Resolución de problemas e/ou exercicios	15	30	45
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	15	30	45

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades preliminares, para a tomada de contacto com o alunado e a presentación da matéria
Estudo de casos/análises de situacións	Apresentação e análise de casos/situações mais habituais na prática profissional
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolução colectiva de casos/situações mais habituais na prática profissional, com orientação docente presencial
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Resolução individual de casos/situações mais habituais na prática profissional, com orientação docente, a visar a autonomia pessoal

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Nas actividades introdutorias: tomada de contacto com o alunado, para avaliar as características individuais e da turma. Na resolución de problemas/exercicios de modo autónomo, acompañamento do alunado na resolución de encomendas que visam reproducir a práctica profesional, de que depende a avaliación global.
Actividades introdutorias	Nas actividades introdutorias: tomada de contacto com o alunado, para avaliar as características individuais e da turma. Na resolución de problemas/exercicios de modo autónomo, acompañamento do alunado na resolución de encomendas que visam reproducir a práctica profesional, de que depende a avaliación global.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Resolução, de modo autónomo, de cinco encomendas, a visar reproducir as condicións da práctica profesional. As provas, de carácter acumulativo, están distribuídas no periodo de docéncia e supõem um aumento progressivo da complexidade. O valor atribuído a cada una delas é de 20%.	100	CB1 CB2 CB3 CB4 CE1 CE2 CE3 CE7 CE8 CE17 CE18 CE33 CT2 CT8 CT14 CT22 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Obs. 1. Las pruebas, de carácter acumulativo, están distribuidas en el periodo de docéncia y suponen un aumento progresivo de la complejidad. De la resolución correcta forman parte: la elaboración autónoma (orientada por el personal docente), la entrega y la revisión individualizada en el horario de atención habilitado. Obs. 2. La presentación de los cinco encargos es condición imprescindible para superar la materia en primera convocatoria. En segunda convocatoria (julio) existe la posibilidad de acordar con el personal docente responsable la entrega de los encargos pendientes. La asistencia a

las sesiones presenciales se considera obligatoria (80%), pero puede ser dispensada, si hubiera una presencia suficiente en las tutorías y los encargos son entregados en las condiciones adecuadas. Obs. 3. La calificación de los encargos tiene carácter acumulativo y global. Se pretende obtener un rendimiento final global en la práctica básica de la traducción en la combinación lingüística PT-ES, al que corresponde el valor del 100% con que se evalúa el hecho de haber alcanzado las calificaciones de la disciplina. El grado de excelencia determina las calificaciones concretas. El grado de excelencia depende de parámetros como la puntualidad en la entrega del encargo, la eficacia y corrección en su gestión, y la capacidad de argumentar los resultados. Obs.4. Existe la posibilidad de optar a una prueba única final de evaluación conjunta de todas las calificaciones propias de la materia, aunque no se recomienda para esta materia, dado su carácter acumulativo. La prueba de evaluación única tendrá lugar la última semana de docencia y consistirá en la traducción directa, con equipo informático, de una página web estática (60%), y la transcripción y traducción de un fichero audiovisual de 4m. (40%). Fechas aproximadas de entrega de encargos: última semana lectiva de septiembre, segunda de octubre, última de octubre, primera de noviembre, última de noviembre.

Bibliografía. Fontes de información

Legislação Portuguesa sobre Tradução e legendagem., <http://www.linguas.com/lei/>,

Alves, F. Ferreira e.a., **Quase tudo o que eu (sempre) quis saber sobre tradução : kit de sobrevivência.**, <https://repositorium.sdum.uminho.pt/bitstream/1822/5890/5/GuiaTraducaoPortugal%26Anexo.pdf>,

Bagno, Marcos, **A língua de Eulália. Novela sociolingüística (leitura obrigatória)**, São Paulo: Contexto,

Marcuschi, Luiz Antônio, **Da fala para a escrita: exercícios de retextualização**, São Paulo: Cortez,

Magalhães Junior, Ewandro, **Sua majestade, o Intérprete**, São Paulo: Parábola,

Dicionário visual Verbo Português-Francês-Inglês, Lisboa/São Paulo: Verbo,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, III: Portugués-Español/V01G230V01616

Interpretación idioma 2: Portugués-Español/V01G230V01916

Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Español/V01G230V01954

Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Portugués-Español/V01G230V01938

Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Portugués-Español/V01G230V01946

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, I: Portugués-Español/V01G230V01416

Outros comentarios

Recomenda-se frecuentar todas as cadeiras da combinación lingüística Portugués-Espanhol

DATOS IDENTIFICATIVOS**Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego**

Materia	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01514			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Currais Arcay, Jacobo Baxter , Robert Neal			
Profesorado	Baxter , Robert Neal Currais Arcay, Jacobo			
Correo-e	jstefanlari@yahoo.com xcurrais@yahoo.co.uk			
Web				
Descrición xeral	Materia introdutoria ás técnicas de interpretación de enlace (IE) na modalidade de consecutiva que inclúe contidos teóricos básicos sobre a comunicación oral bidireccional, as distintas operacións realizadas durante a IE e as técnicas de procesamento da información para a IE e, sobre todo, a realización de exercicios prácticos de interpretación de enlace.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpressión
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE20	Facilidade para as relacións humanas
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE30	Coñecemento de idiomas
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Proporcionar coñecementos teóricos básicos sobre os principios que rixen a interpretación de enlace.	CB1 CB4	CE2 CE17 CE21	CT6 CT8 CT9
Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas de interpretación de linguas, concretamente da interpretación de enlace.	CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE17 CE18 CE21	CT6 CT7 CT8 CT9 CT11 CT13 CT17 CT22
Desenvolver as capacidades de comprensión, análise e produción do discurso oral nas linguas de traballo.	CB1 CB3 CB4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE13 CE17 CE18 CE22 CE25 CE27 CE30 CE33	CT1 CT6 CT9 CT17 CT22
Introducir as técnicas de procura documental e de elaboración de glosarios aplicados á interpretación de enlace.	CB1 CB5	CE17 CE18 CE21	CT1 CT4 CT6 CT7 CT9 CT13 CT22
Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación nos seus distintos ámbitos de traballo e concretamente nos ámbitos de traballo da interpretación de enlace.	CB2	CE2 CE17 CE20 CE21	CT8 CT11 CT13 CT22

Contidos

Tema	
1. A interpretación de enlace: características definitorias	1.1. Breve introdución á Interpretación de enlace. 1.2. A bidireccionalidade. 1.3. O intérprete como mediador: o uso da primeira ou a terceira persoa.
2. A división da atención	2.1. As canles de comunicación. 2.2. Limitacións e saturación das canles. 2.3. A asignación de recursos atencionais.
3. A anticipación da información: tipos de anticipación	3.1. Gramatical. 3.2. Fraseolóxico-cultural. 3.3. Psicolóxico-contextual. 3.4. Discursiva
4. O código deontolóxico do intérprete	4.1. Obrigas éticas e morais. 4.2. Obrigas administrativas. 4.3. Deberes dos clientes.
5. Os ámbitos de traballo	5.1. A interpretación social e nos Servizos Públicos: comisarías de policía, tribunais, hospitais, outras institucións públicas. 5.2. A interpretación nos negocios. 5.3. A interpretación nos Medios de Comunicación. 5.4. A interpretación diplomática. 5.5. O intérprete acompañante
6. Prácticas de exercicios introductorios	6.1. Exercicios de clozing. 6.2. Exercicios de memorización. 6.3. Exercicios de división da atención. 6.4. Exercicios de reformulación en lingua 1 e en lingua 2

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Traballos de aula	36	72	108
Prácticas autónomas a través de TIC	0	22	22
Tutoría en grupo	5	0	5
Sesión maxistral	4	8	12
Probos prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introductorias	Descrición da materia e do curso. Formulación de obxectivos. Descrición da metodoloxía. Formulación dos criterios de avaliación.
Traballos de aula	Familiarización cos equipos de interpretación. Explicación e prácticas de exercicios introductorios á IE. Corrección de exercicios. Producción e enunciación de intervencións para a súa posterior interpretación.
Prácticas autónomas a través de TIC	Prácticas individuais de IE (1-1, 2-2) a partir de visionado e escoita de sesións reais de entrevistas e debates en liña. Corrección de exercicios.
Tutoría en grupo	Recoñecemento de fenómenos relevantes. Identificación e localización de problemas de lingua, de referencias culturais e sociais, gramática de contraste e tradución. Procura de solucións: tácticas e estratexias de traballo adaptadas ás necesidades e capacidades dos estudantes.
Sesión maxistral	Explicación de contidos teóricos da materia que se impartirán de forma transversal nas sesións prácticas de traballo nas aulas (laboratorios de interpretación).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas autónomas a través de TIC	Realizárase mediante tutorías individuais. Escoitarase o exercicio e valorárase a corrección levada a cabo polo estudante tanto en clase como a través de TIC. Detectaranse erros dentro das distintas operacións da IE (2-1-2; 2-2, 1-1), analizaranse as súas causas e buscaranse solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros.
Traballos de aula	Realizárase mediante tutorías individuais. Escoitarase o exercicio e valorárase a corrección levada a cabo polo estudante tanto en clase como a través de TIC. Detectaranse erros dentro das distintas operacións da IE (2-1-2; 2-2, 1-1), analizaranse as súas causas e buscaranse solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballos de aula	Traballos de aula. Teranse en conta só para os estudantes que se acollan á avaliación continua. Valorárase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da IE, así como a elaboración e enunciación de intervencións baixo a forma de entrevistas, debates ou negociacións que serán posteriormente interpretados polos estudantes.	10	CB1 CE1 CT1 CB2 CE2 CT4 CB3 CE3 CT6 CB4 CE4 CT7 CB5 CE12 CT8 CE13 CT9 CE17 CT11 CE18 CT13 CE20 CT17 CE21 CT22 CE22 CE25 CE27 CE30 CE33

